



PROCEDEMENTO: Concesión das Subvencións Municipais destinadas a promoción e o apoio a actividade deportiva no Concello de Ponteareas durante o ano 2025 aprobadas mediante o DECRETO 2025-2529 e o DECRETO 2025-3699 (modificación) e publicada a súa convocatoria no BOPPO do 20 de xuño de 2025 e BOPPO do 1 de xullo de 2025 (modificación) a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a documentación obrante no expediente de referencia.

Vista a acta da comisión de valoración das contas xustificativas presentadas, trala sesión celebrada o **05 de novembro de 2025**, na que consta o seguinte:

«...

ASUNTO QUE SE TRATA

Valoración das contas xustificativas presentadas de acordo ao punto 12 das Bases reguladoras das subvencións Municipais para a promoción e apoio á actividade deportiva no Concello de Ponteareas no ano 2025.

Visto o DECRETO 2025-3489, de data 16 de setembro do presente, no cal se resolve:

*“...**Primeiro:** AMPLIAR O PRAZO DE PRESENTACIÓN das xustificacións ata o vindeiro **31 de Outubro de 2025**, modificando así o indicado na Base Décimo Segunda das Bases Reguladoras.*

***Segundo:** Publicar a presente resolución no Taboleiro de anuncios municipal e na páxina web do Concello. ...”*

Visto que o devandito decreto estivo publicado no taboleiro dende o día 16 de setembro ata o día 1 de novembro, segundo a minuta obrante no expediente.



Visto que consta no expediente o informe de Rexistro de data 04/11/2025, no cal se relacionan as entradas relativas a presentación de xustificacións achegadas dentro do prazo concedido segundo o decreto 2025-3489.

Visto o artigo 12 das Bases Reguladoras o cal indica que:

“... ”

A conta xustificativa deberá incluír:

- Relación detallada dos gastos realizados (modelo normalizado).
- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente emitidos a nome da entidade ou persoa beneficiaria.
- Xustificantes de pagamento (transferencia bancaria, tarxeta, cargo en conta, etc.).
- Calquera outra documentación complementaria que se determine nas instrucións da convocatoria.

Só serán admitidos como gastos xustificables aqueles que:

- Se axusten aos conceptos previstos nestas bases.
- Estean realizados e pagados no período subvencionable.
- Se xustifiquen mediante factura e comprobante de pagamento.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e deberán estar emitidas a nome da entidade ou persoa beneficiaria.

Admitiranse pagamentos en efectivo por importe inferior a 300,00 €, sempre que se xustifiquen mediante factura ou documento de valor probatorio equivalente e que se axusten ao disposto no artigo 42.1 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os gastos por importe superior a 300,00 € deberán ser aboados mediante medio bancario. Non se admitirán como válidos, nestes casos, os pagos en metálico.

Admitiranse pagamentos en metálico cando:



- O importe individual ou acumulado por provedor non supere os 300,00 €.

- Se xustifique mediante factura asinada polo provedor co indicativo de “pagado en efectivo”.

Terase en conta como importe xustificativo a base imponible das facturas, agás que a persoa ou entidade beneficiaria xustifique documentalmente estar exenta do pagamento do IVE.

Neste caso, poderá computarse o importe total da factura.

O pagamento da subvención realizarase unha vez verificada a xustificación presentada. **En caso de que o importe xustificado sexa inferior ao inicialmente concedido, o pagamento axustarase proporcionalmente.**

No caso de que a documentación presentada sexa incompleta ou conteña erros ou defectos emendables, o Concello poderá requirir á persoa ou entidade beneficiaria para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende a xustificación ou achegue os documentos que falten. De non facelo no prazo sinalado, considerarase que non se cumpriu coa obriga de xustificación, podendo iniciarse o correspondente procedemento de reintegro conforme á normativa aplicable.

...”

...»

Vista a segunda acta da comisión de valoración de data **05 de decembro de 2025** na que se indica:

«....

Revisión da acta de data 5 de novembro de 2025 á petición do departamento de intervención.

Mediante proposta do Concelleiro de Deportes de data 6 de novembro de 2025 se remite ao departamento de Intervención a Acta de Valoración asinada o día 5 de novembro de 2025 co fin da emisión do correspondente informe.

Con data 12 de novembro o citado departamento comunica que debe requirírselle a aos solicitantes que acheguen de novo a conta xustificativa onde, ademais da relación de gastos (como se indica nas bases), deben detallar os ingresos obtidos en relación a natureza da presente subvención; para cumprir co **artigo 19 da Lei Xeral de subvencións** que indica que:



“O importe das subvención, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada”

A Vista do indicado por parte do departamento de Intervención, se lle require aos beneficiarios que non achegaron correctamente a conta xustificativa (ingresos incluídos) para que nun prazo de 10 días hábiles remitan por rexistro de entrada as correccións pertinentes, ao abeiro do Artigo 12 das Bases Reguladoras e do Artigo 14 das mesmas que indica que os solicitantes estarán obrigados a facilitar tanta información lles sexa requirida pola Intervención Municipal.

De seguido se confecciona a seguinte listaxe indicando o nº de rexistro e a data da documentación achegada.

LISTAXE A - ENTIDADES DEPORTIVAS
LISTAXE DE REXISTROS ACHEGADOS AO CONCELLO TRALO
REQUIRIMENTO RECIBIDO EN DATA **13/11/2025 NA SEDE**
ELECTRÓNICA

ENTIDADES DEPORTIVAS	DATA	N.º DE REXISTRO	CONTIDO
CLUB PATINAXE ARTÍSTICO LUAR	14/11/25 07:22	<u>2025-E-RE-6533</u>	CONTA XUSTIFICATIVA
CLUB PATINAXE ARTÍSTICA TEA	13/11/25 12:02	<u>2025-E-RE-6511</u>	CONTA XUSTIFICATIVA
	26/11/25 12:51	<u>2025-E-RE-6810</u>	CONTA XUSTIFICATIVA CORREXIDA
CLUB BALONCESTO DO CONDADO	24/11/25	2025-E-RE-6764	CONTA XUSTIFICATIVA + FACTURAS
SOCIEDADE DEPORTIVA OLIVEIRA	13/11/25 11:41	<u>2025-E-RE-6510</u>	CONTA XUSTIFICATIVA
SD JUVENIL DE PONTEAREAS	31/10/25 17:33	<u>2025-E-RE-6305</u>	XUSTIFICANTE FACTURAS
	31/10/25 17:43	<u>2025-E-RE-6306</u>	XUSTIFICANTE FACTURAS
XINZO FÚTBOL CLUB	24/11/25 02:22	<u>2025-E-RE-6733</u>	CONTA XUSTIFICATIVA



			CORREXIDA
	20/11/25 23:24	<u>2025-E-RE-6702</u>	FACTURAS + CONTA XUSTIFICATIVA
CLUB CAS, LA ESCUELA DEL BILLAR	17/11/25 03:23	2025-E-RE-6584	CONTA XUSTIFICATIVA + FACTURAS
CLUB PETANCA EL PARQUE	14/11/25 12:03	2025-E-RE-6546	CONTA XUSTIFICATIVA
CLUB XADREZ PONTEAREAS	13/11/25 20:24	2025-E-RE-6528	CONTA XUSTIFICATIVA
Entidade: CLUB SPORT FACTORY	21/11/25	2025-E-RE-6709	CONTA XUSTIFICATIVA
CLUB BADMINGTON PONTEAREAS	13/11/25	2025-E-RE-6529	CONTA XUSTIFICATIVA
CLUB DE TENIS PONTEAREAS	23/11/25	2025-E-RE-6727	CONTA XUSTIFICATIVA + FACTURAS
CAMINHANTES DO CONDADO	18/11/25	2025-E-RE-6653	CONTA XUSTIFICATIVA CORREXIDA
	16/11/25	2025-E-RE-6581	CONTA XUSTIFICATIVA
SPORTING CLUB SAN MATEO	20/11/25	2025-E-RE-6696	CONTA XUSTIFICATIVA
	23/11/25	2025-E-RE-6731	CONTA XUSTIFICATIVA CORREXIDA
CLUB NATACIÓN PONTEAREAS	16/11/25	2025-E-RE-6580	CONTA XUSTIFICATIVA
SOCIEDAD DEPORTIVA PONTEAREAS	18/11/25	2025-E-RE-6620	FACTURAS + CONTA XUSTIFICATIVA
CLUB CULTURAL AREAS	26/11/25	2025-E-RE-6800	CONTA XUSTIFICATIVA

LISTAXE B - DEPORTISTAS INDIVIDUAIS
LISTAXE DE REXISTROS ACHEGADOS AO CONCELLO TRALO
REQUIRIMENTO NOTIFICADO EN DATAS **12/11/2025 e **13/11/2025****



DEPORTISTAS INDIVIDUAIS	DATA	N.º DE REXISTRO	CONTIDO
Melania Rodríguez Muñoz	25/11/25	2025-E-RE-6789	CONTA XUSTIFICATIVA
Ainoa Pousada Altolaguirre	17/11/25	2025-E-RE-6602	CONTA XUSTIFICATIVA
Lucas Leirós Fernández	12/11/25	2025-E-RE-6500	CONTA XUSTIFICATIVA
	17/11/25	2025-E-RE-6600	CONTA XUSTIFICATIVA CORREXIDA
Fco. Javier Rodríguez Domínguez	12/11/25	2025-E-RE-6491	CONTA XUSTIFICATIVA + FACTURAS
Margarita del Amo Blanco	13/11/25	2025-E-RC-10892	CONTA XUSTIFICATIVA
Yoel González Estévez	13/11/25	2025-E-RC-10893	CONTA XUSTIFICATIVA + FACTURAS
Carlos Bautista Bugarín	13/11/25	2025-E-RE-6520	CONTA XUSTIFICATIVA
Tomás Bautista Bugarín	13/11/25	2025-E-RE-6521	CONTA XUSTIFICATIVA
Sofía Carballo González	18/11/25	2025-E-RC-11035	CONTA XUSTIFICATIVA
María Cristina Calviño Cancela	13/11/25	2025-E-RE-6502	CONTA XUSTIFICATIVA + FACTURAS
Verónica Varela Redondo	16/11/25	2025-E-RE-6579	CONTA XUSTIFICATIVA
Zaira Lemos Fernández	19/11/25	2025-E-RC-11078	CONTA XUSTIFICATIVA
Iria Guadalupe Lemos Fernández	19/11/25	2025-E-RC-11076	CONTA XUSTIFICATIVA
Nahir Covelo Saavedra	14/11/25	2025-E-RE-6536	CONTA XUSTIFICATIVA
Javier Vila Porto	17/11/25	2025-E-RC-11009	CONTA XUSTIFICATIVA

Revisada a documentación aportada tanto polas entidades deportivas, como polos deportistas individuais comprobase que é correcta e igualmente se comproba que o solicitante da subvención correspondente a Liña de Deportes de Motor: **Carlos Martín Bugarín Quintela**, ao cal lle correspondería a cantidade de **157,89 €**, transcorrido o prazo concedido, non presentou a Conta



Xustificativa requirida, polo que este tribunal, segundo o artigo 12 das bases, considera que non cumpriu coa obriga de xustificar, e acorda **excluílo da subvención**.

...»

Visto o informe de Intervención Municipal de data 09 de decembro de 2025, no que en canto as consideracións xurídicas, conclúe no seu punto cuarto:

«...

En relación á fase de instrución e outorgamento das axudas así como a xustificación das mesmas fanse constar as seguintes observacións.

- Informe do responsable do rexistro acreditativo do número de solicitudes presentadas, determinándose as admitidas e excluídas mediante acta da comisión avaliadora.
- Constan certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- Consta acta da comisión avaliadora na que se decide cales son interesados que poden obter a condición de beneficiarios e o importe que se lle asigna.
- Consta proposta do Concelleiro de Deportes propoñendo a concesión das axudas.
- Despois da concesión das subvencións é imprescindible que se publique na BDNS as axudas concedidas.

FISCALIZACIÓN DO EXPEDIENTE (Extremos a comprobar).

Con carácter xeral:

- ☒ Existencia e adecuación do crédito.
- ☒ Competencia do órgano resolutorio.

Fase D:

- ☒ Informe acreditativo das solicitudes presentadas en tempo e forma.



☒ Informe da comisión correspondente sobre a avaliación das solicitudes

☒ Proposta de resolución do procedemento expresando os solicitantes aos que se vai a conceder a subvención e a súa contía.

Fase O:

☒ Acreditación, na forma establecida na norma reguladora da subvención, que o beneficiario se acha ao corrente de obrigacións tributarias fronte á Seguridade Social e non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, así como acreditación de estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa entidade local.

☒ Que os gastos realizados teñen a consideración de subvencionables de conformidade co artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 novembro 2003, xeneral de subvencións e ademais que se acreditan mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

☒ Que os gastos realizados se pagaron antes de que finalizase o prazo de xustificación.

RESULTADO DA FISCALIZACIÓN

(X) Fiscalizado de conformidade.

CONCLUSIÓN [\(arts. 216 a 218 TRLRHL\)](#)

(X) Procede tramitar o expediente.

...»

Atendendo a proposta do Concelleiro de Deportes e no uso das atribucións que me confire o artigo 21 da lei 7/1985 de 2 de abril e por delegación polo Decreto de Alcaldía num. 2023-2484, de outubro de 2023.

RESOLVO



PRIMEIRO: EXCLUIR a Carlos Martín Bugarín Quintela, da lista de beneficiarios da subvención correspondente a Liña de Deportes de Motor, por non presentar a Conta Xustificativa requirida, segundo o indicado no artigo 12 das bases reguladoras.

SEGUNDO: APROBAR o pagamento, trala achega das contas xustificativas, das seguintes cantidades en concepto de Axudas Municipais destinadas a promoción e o apoio a actividade deportiva no Concello de Ponteareas durante o ano 2025.

ENTIDADES DEPORTIVAS:	AXUDA
1. CLUB BILLAR PONTEAREAS	4.560,59 €
2. CLUB PATINAXE ARTÍSTICO LUAR	9.278,45 €
3. CLUB PATINAXE ARTÍSTICA TEA	6.133,21 €
4. CLUB BALONCESTO DO CONDADO	8.497,28 €
5. SOCIEDADE DEPORTIVA OLIVEIRA	2.988,00 €
6. SD JUVENIL DE PONTEAREAS	6.762,26 €
7. XINZO FÚTBOL CLUB	6.133,21 €
8. CLUB CAS, LA ESCUELA DEL BILLAR	4.403,33 €
9. HOQUEI CLUB PONTEAREAS	3.145,24 €
10. CLUB PETANCA EL PARQUE	446,15 €
11. CLUB XADREZ PONTEAREAS	7.256,77 €
12. CLUB SPORT FACTORY	8.649,40 €
13. CLUB BADMINGTON PONTEAREAS	11.951,90 €
14. CLUB DE TENIS PONTEAREAS	12.266,42 €
15. CAMINHANTES DO CONDADO	3.931,54 €
16. SPORTING CLUB SAN MATEO	10.222,02 €



17. CLUB NATACIÓN PONTEAREAS	14.625,35 €
18. SOCIEDAD DEPORTIVA PONTEAREAS	10.222,02 €
19. PONTEBIKE TEAM	6.133,21 €
20. ASOCIACIÓN DEPORTIVA VILA DO CORPUS	10.851,06 €
21. CLUB CULTURAL AREAS	13.681,78 €

DEPORTISTAS INDIVIDUALES:	AXUDA
1. MELANIA RODRÍGUEZ MUÑOZ	1.000 €
2. AINOA POUSADA ALTOLAGUIRRE	849,41 €
3. ADRIÁN DOMÍGUEZ DÍAZ	699,51 €
4. LUCAS LEIRÓS FERNÁNDEZ	936,85 €
5. FCO. JAVIER RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ	449,69 €
6. MARGARITA DEL AMO BLANCO	500 €
7. YOEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ	874,39 €
8. CARLOS BAUTISTA BUGARÍN	874,39 €
9. TOMÁS BAUTISTA BUGARÍN	936,85 €
10. SOFÍA CARBALLO GONZÁLEZ	874,39 €
11. MARÍA CRISTINA CALVIÑO CANCELA	500 €
12. DARÍO PÉREZ PAZ	936,85 €
13. VERÓNICA VARELA REDONDO	699,51 €
14. YOEL FARO MARTÍNEZ	874,39 €
15. CARLA FARO MARTÍNEZ	874,39 €
16. LAURA BLANCO PÉREZ	587,09 €



17. HUGO CANCELA GÓMEZ	687,02 €
18. ZAIRA LEMOS FERNÁNDEZ	500 €
19. IRIA GUADALUPE LEMOS FERNÁNDEZ	803,79 €
20. MARÍA QUINTAS MELON	936,85 €
21. BASILIO PORTO TÁBOAS	874,39 €
22. DENIS INCUTTI TELLADO	512,14 €
23. NAHIR COVELO SAAVEDRA	624,57 €
24. JAVIER VILA PORTO	198 €

DEPORTISTAS DE MOTOR:	AXUDA DEFINITIVA
1. SAUL BARGIELA SEOANE	400 €
2. SAMUEL TELLADO RODRÍGUEZ	400 €
3. ANA ISABEL VEIGA ESTÉVEZ	400 €
4. OSCAR CHAMORRO PÉREZ	400 €
5. JUAN ANTONIO FDEZ. CAMPOS	400 €
6. SUEVIA GONZÁLEZ SEOANE	384,99 €
7. MELISA PREGO RIVAS	400 €
8. MARCOS ANTONIO RODRÍGUEZ LEDO	400 €

** As cantidades xustificadas das seguintes entidades ou persoas, resultaron ser inferiores a axuda que lle correspondía:*

Club Baloncesto do Condado (Entidade)

Correspondíanlle 11.951,90 € e xustificaron **8.497,28 €**

Sociedad Deportiva Oliveira (Entidade)



*Correspondíanlle 3.141 € e xustificaron **2.988 €***

Cub Xadrez Ponteareas (Entidade)

*Correspondíanlle 8.195 € e xustificaron **7.256,77€***

Iria Guadalupe Lemos Fernández (Deportista Individual)

*Correspondíanlle 824,43 € e xustificaron **803,79€***

Javier Vila Porto (Deportista Individual)

*Correspondíanlle 299,79 € e xustificou **198 €***

Suevia González Seoane (Deportista de motor)

*Correspondíanlle 400 € e xustificou **384,99 €***

TERCEIRO: Notificar individualmente a resolución das subvencións concedidas á cada unha das entidades, deportistas individuais, ou deportistas de motor solicitantes.

CUARTO: Publicar a resolución definitiva na sede electrónica do Concello, así como no taboleiro de anuncios municipal, con indicación da persoa ou entidade beneficiaria, puntuación obtida, importe concedido e liña de axuda correspondente.

QUINTO: Comunicar a resolución da concesión das presentes subvencións á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que dará tralado ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, de conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

SEXTO: Comunicar as persoas ou entidades beneficiarias que deberán someterse ás actuacións de control que poidan realizar os servizos municipais co fin de verificar o cumprimento das condicións establecidas nas bases reguladoras e demais normativa aplicable. O incumprimento das obrigas de colaboración e control poderá dar lugar ao inicio dun procedemento de reintegro nos termos previstos na normativa vixente.

Juan Carlos González Carrera
(Documento asinado electrónicamente a marxe)

